



«*POEMA AZUL*» (GALLEGO-CASTELLANO)

Lara Dopazo Ruibal

arredor de ti e para ti
todas as dinastías de aves
de estrelas, de fontes
aliadas para recibir
as constelacións que saen da túa boca
o eco do teu riso
o movemento cálido que trazas
na curva dos ollos,
o fume azul
destinado para o acougo

civilizacións soterradas na historia
revivirán só para oír a túa palabra
só para demostrar que os teus pasos
se cravan na terra coma coitelos
e das túas mans sairán
bandadas de insectos formadas
por destellos de luz e de sombras
cimentarán un fogar para a paz
e nunca máis os teus ombreiros cargarán con dor
nunca máis a violencia sobre ti
porque camiñas rodeada de aves xubilosas
e cada vez que abres os ollos
seres extinguidos espertan do inverno

a auga cae do ceo coma un manacial
as mulleres levitan sobre a herba
e iluminan todo aquilo que tocan

dos teus dedos
unha e outra vez
ríos azuis e paxaros azuis e
peixes con ollos tan grandes
que comen o mundo,
respiran dentro da auga
e fóra da auga e alén
das marxes da auga

o teu poder estendido fóra deste papel
fóra desta voz, doce
coma os soños das sereas,
que agarda só a que pouses os ollos sobre ela
e así erguerse forte sobre
o gris da cidade que ten medo,
que non volverá ser
nunca máis cidade
e así, exterminar a morte dos insectos
perseguir o voo errático dos morcegos
e o seu pelo pequeno impredecible
convertido tamén ao azul
como marca de felicidade

aínda non o sabes:
os teus destellos
constrúen imperios afastados,
fráxiles como o máis fráxil
dos cristais que os cobren
e envolta nese halo azul infinito
só existen circos de son
invisibles aos ollos
tornados en lúas azuis
en perlas inmensas
en recendo salvaxe tan efémero

como este amor que che teño
como o medo a que marches
vulnerable de ti
camiño adiante polo medio das árbores,

co teu séquito de aves infinitas
que voan cara a luz sen ter medo da luz
e a auga, chovendo agora
desde a terra cara arriba
entrándome azul polo corpo
con toda a furia do mar
tan dentro que me convirto nela e son xa
unha marea, unha das constelacións
que saen da túa boca,
só un eco da túa voz
tan redonda que xira sobre si mesma
coa súa beleza cegadora, máis azul
que o mar e o ceo xuntos
bordeándome por todos os lados
só
porque desexo tocarte
e que me ilumines
coa punta dos teus dedos
e a punta dos teus dentes
só
porque desexo o impulso
do teu resplandor libre
ser o vento
o eco de todas as sombras
e o seu silencio
fundirme eu no teu riso azul
coándome entre os dentes
brancos ata o delirio
como auga, para ser parte
desa luz líquida
dese tacto colosal
invencible de ti e tan plena

*

*

alrededor de ti y para ti
todas las dinastías de aves
de estrellas, de fuentes
aliadas para recibir
las constelaciones que salen de tu boca
el eco de tu risa
el movimiento cálido que trazas
en la curva de los ojos,
el humo azul
destinado al sosiego

civilizaciones enterradas en la historia
revivirán solo para oír tu palabra
solo para demostrar que tus pasos
se clavan en la tierra como cuchillos
y de tus manos saldrán
bandadas de insectos formadas
por destellos de luz y de sombras
cimentarán un hogar para la paz
y nunca más tus hombros cargarán con dolor
nunca más la violencia sobre ti
porque caminas rodeada de aves jubilosas
y cada vez que abres los ojos
seres extinguidos despiertan del invierno
el agua cae del cielo como un manantial
las mujeres levitan sobre la hierba
e iluminan todo aquello que tocan

de tus dedos
una y otra vez
ríos azules y pájaros azules y
peces con los ojos tan grandes
que comen el mundo,
respiran dentro del agua
y fuera del agua y más allá
de los márgenes del agua

tu poder extendido fuera de este papel
fuera de esta voz, dulce
como los sueños de las sirenas,
que espera solo a que poses los ojos sobre ella
y así alzarse fuerte sobre
el gris de la ciudad con miedo,
que no volverá a ser
nunca más ciudad
y así, exterminar la muerte de los insectos
perseguir el vuelo errático de los murciélagos
y su pelo pequeño impredecible
convertido también al azul
como marca de felicidad

aún no lo sabes:
tus destellos
construyen imperios lejanos,
frágiles como el más frágil
de los cristales que los cubren
y envuelta en ese halo azul infinito
solo existen sonidos
invisibles a los ojos
tornados en lunas azules
en perlas inmensas
en perfume salvaje tan efímero
como este amor que te profeso
como el miedo a que te vayas
vulnerable de ti
camino adelante por entre los árboles,
con tu séquito de aves infinitas
que vuelan hacia la luz sin temer la luz
y el agua, lloviendo ahora
desde la tierra hacia arriba
entrándome azul por el cuerpo
con toda la furia del mar
tan dentro que me convierto en ella y soy ya
una marea, una de las constelaciones
que salen de tu boca,

solo un eco de tu voz
tan redonda que gira sobre sí misma
con su belleza cegadora, más azul
que el mar y el cielo juntos
bordeándome por todos los lados
solo
porque deseo tocarte
y que me ilumines
con la punta de tus dedos
y la punta de tus dientes
solo
porque deseo el impulso
de tu resplandor libre
ser el viento
el eco de todas las sombras
y su silencio
fundirme en tu risa azul
colándome entre los dientes
blancos hasta el delirio
como agua, para ser parte
de esa luz líquida
de ese tacto colosal
invencible de ti y tan plena

Lara Dopazo Ruibal (ESPAÑA). Nació en Marín, Galicia, en 1985. Escritora, licenciada en Periodismo, con un máster en Cooperación Internacional y un máster en Filosofía Práctica, y participante en el experimental Programa de Estudios en Mancomún: Feminismos, Rurais e Comúns. Ha publicado las obras *dende illa peixe* (Xunta de Galicia, 2009), *ovella* (Concello de Outes, 2016), *Clementina* (Edita-me, 2016), *Os lobos na casa de Esaú* (Chan da Pólvora, 2017) y *claus e o alacrán* (Espiral Maior, 2018) y ha ganado, entre otros, los certámenes Nortear de narrativa y GZCrea, Francisco Añón y Fiz Vergara Vilariño de poesía.